



CONCELLOS

O INCIO

Anuncio

O Pleno, en reunión celebrada o día 9 de xullo de 2019, acordou aprobar inicialmente o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.

O citado Plan expónse ao público polo prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar alegacións, suxerencias e ideas que axuden a mellorar o citado instrumento.

O Incio, 12 de agosto de 2019.- O ALCALDE, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2606

MONDOÑEDO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 19 de Agosto aprobou o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 4º BIMESTRE E DA TAXA DO MANTENIMENTO DO CEMITERIO DO 2019**.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PÚBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de Setembro ó 31 de Outubro, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servizos de Recadación da Excm. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, a 20 de agosto de 2019.- O Tte. Alcalde, Manuel A.Otero Legide.

R. 2607

MONTERROSO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade con canto se establece polo artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo 225 da LALGA e concordantes do ROF, publícase o acordo do Pleno de 22.08.2019

“**PRIMEIRO**.- Establecer as seguintes indemnizacións:

1º.- ASISTENCIAS: Os señores concelleiros que non teñan dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, as indemnizacións por sesión seguintes:

- Pleno: 60 €.

- Comisión Especial de Contas: 60 €.

Cando as sesións se celebren unha a continuación de outra, devengarase asistencias tan so por unha delas.

2º.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN: Os señores concelleiros recibirán nos supostos de viaxes oficiais fora do termo municipal a cantidade de 0,19 euros (dezanove céntimos) por quilómetro percorrido.

3º.- AXUDAS DE CUSTO: Os señores concelleiros e o Alcalde- Presidente recibirán axudas de custo nas seguintes contías.

- Por servizos fóra do municipio: Devengarase as establecidas con carácter xeral na lexislación sobre indemnizacións por razón do servizo según o establecido no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio

SEGUNDO.- A xustificación das indemnizacións farase mediante a presentación dos seguintes documentos:

-Segundo o establecido na Orde do 8 de novembro de 1994 sobre xustificación e anticipos das indemnizacións por razón do servizo

As declaracións responsables e xustificacións deberán levarse ao Pleno para o seu control.

TERCEIRO.- As subvención ós Grupos Políticos Municipais, devengarase na contía seguinte:

Por cada Grupo: 60 euros

Por cada Concelleiro: 42 euros

De conformidade co anterior os Grupos Políticos Municipais recibirán con cargo ó orzamento municipal as seguintes subvencións en cómputo mensual:

Grupo Municipal Independientes por Monterroso: 228 euros por mes

Grupo Municipal Socialista: 186 euros por mes

Grupo Municipal Popular: 186 euros por mes

Grupo Municipal Mixto: 102 euros por mes

Os Grupos, de conformidade con canto se establece polo artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, deberán levar unha contabilidade específica destas aportacións, téndoa á disposición do Pleno cando sexa requirida.

Monterroso, 23 de agosto de 2019.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas.

R. 2608

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 46.1º do ROF, publícase na súa parte dispositiva a resolución de alcaldía de 22.08.2019;

Polo presente, RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde a D. Luis Mariño Castro, D. German Vázquez Besteiro. e D.ª Rocio Seijas Vázquez.

Segundo.- Establecer, ós efectos da suplencia orgánica do cargo de Alcalde Presidente da Corporación, nos supostos previstos pola lexislación local vixente, así como o desempeño das funcións de Alcalde- Presidente nos supostos de vacante, a seguinte orde do seu nomeamento:

1º Tenente de Alcalde, D. Luis Mariño Castro. 2º Tenente de Alcalde, D. German Vázquez Besteiro. 3º Tenente de Alcalde, D.ª Rocio Seijas Vázquez.

Para tal suplencia, teranse en conta as salvedades previstas no artigo 47, párrafo 2º do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como o límite que establece o artigo 48 do dito Regulamento.

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a talles, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións

Terceiro.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde. Deáselle conta ó Pleno do Concello.”

Monterroso, 23 de agosto de 2019.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas .

R. 2609

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XULLO 2019.**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 1 de agosto de 2019 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xullo de 2019, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de xullo : 3964,16 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de setembro de 2019 e o 01 de decembro de 2019.

Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

En Pedrafita do Cebreiro 20 de agosto de 2019.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2610

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 07/08/2019 e 20/08/2019 o Padrón SAF do mes de xullo de 2019 e o Padrón da taxa polo Servizo de recollida de lixo rural do 2º Trimestre de 2019, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 20 de agosto de 2019.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 2611

SAMOS*Anuncio***Resolución da Alcaldía****Expediente núm.: 68/2019**

Procedemento: Selección de persoal e provisión de postos. Acceso libre con carácter definitivo por sistema de oposición á praza de "Traballador/a Social", réxime xurídico funcional, (oep 2018).

Asunto: Aprobación de lista provisoria de candidatos admitidos e excluídos.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o disposto nas Bases Xerais e Específicas que rexen o procedemento citado aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 2019-0018 de data 20 de febreiro de 2019 con corrección de erros por Decreto de Alcaldía nº 2019-0020 en data 21 de febreiro de 2019, e publicadas no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e físico do Concello con data 27 de febreiro de 2019. Visto que o anuncio de convocatoria do proceso selectivo xunto cas bases xerais e específicas publicouse no B.O.P. de Lugo nº 049 en data 27 de febreiro de 2019, extracto no DOG nº 45 de 5 de marzo de 2019 e con extracto no BOE de data 19 de marzo de 2019 sendo esta data de publicación a que serviu para computar o prazo de presentación de solicitudes (vinte días naturais contados a partir do seguinte á referida data).

Visto que rematado o prazo de presentación de instancias e examinada a documentación presentada polos aspirantes resulta que hai un candidato que presentou a solicitude fóra do prazo de presentación establecido conforme se establece na base 7.3 das Bases Xerais que rexen o procedemento.

Visto que conforme a base 8.2 das Xerais:

“ Conforme ao disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, as persoas interesadas poderán solicitar a emenda dos erros corrixibles que se produciran na lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, nun prazo de dez días contados dende o seguinte á publicación da citada Resolución. Se no dito prazo non se corrixen os defectos, serán definitivamente excluídos/as da realización das probas. En todo caso, co obxecto de evitar erros e, no suposto de producirse, posibilitar a súa corrección en tempo e forma, as persoas aspirantes comprobarán non só que non se atopan na relación de excluídos/as, senón que, ademais, se figuran na lista da quenda correspondente (sistema xeral ou cota de discapacitados) e que os seus nomes e datos persoais se recollen correctamente”.

Esta Alcaldía en uso das facultades legalmente atribuídas, **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte lista provisional de candidatos admitidos e excluídos no procedemento de selección citado:

- Candidatos admitidos “TRABALLADOR/A SOCIAL”:

NOME E APELIDOS	DNI	CELGA
Lucía Marón López	33.***.803-P	SI
Silvia López Méndez	33.***.554-K	SI
Silvia Pan Rodríguez	32.***.058-R	SI
Nagari López López	76.***.021-J	SI
Estela Sánchez Rodríguez	33.***.849-C	SI
María Inmaculada Victorino Domínguez	44.***.544-E	SI
Uxío Sotelo Guede	53.***.152-X	SI
Enma Garcia López	76.***.838-Y	SI
Iria González Fafián	47.***.947-S	SI

- Candidatos excluídos “TRABALLADOR/A SOCIAL”:

NOME E APELIDOS	DNI	CAUSA DA EXCLUSIÓN
Paula Miranda Borrajo	76.***.100-L	*

(*) Erro non subsanable por ser unha solicitude presentada fóra de prazo.

SEGUNDO: Abrir un prazo de dez (10) días contados a partir do seguinte ao da publicación para a emenda dos defectos sinalados polos candidatos excluídos.

TERCEIRO: Publicar o presente Decreto no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.concellosamos.es) en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria.

CUARTO: Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación de conformidade co establecido no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O manda e asina o Sr. alcalde, ante mín, o secretario, dou fé, en Samos, na data 26 de agosto de 2019.- O alcalde, Julio Gallego Moure.- O secretario, Froilán Pallin Seco.

R. 2638

Anuncio

Decreto de alcaldía

Expediente nº: 67/2019 - 69/2019

Procedemento: Procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e de persoal laboral, no concello de Samos, para acceso libre, correspondentes á oferta de emprego de 2018

Asunto: Aprobación de lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos para as prazas de Coidador/a de Vivenda Comunitaria e Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, composición do Tribunal Cualificador, data e hora na que se constituirá, e convocatoria de aspirantes

DECRETO DE ALCALDÍA

Visto que o Decreto de alcaldía nº 2019-0018 de data 20 de febrero de 2019 aprobou:

- BASES XERAIS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES DE PERSOAL FUNCIONARIO E DE PERSOAL LABORAL, NO CONCELLO DE SAMOS, PARA ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO DE 2018.
- BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO LIBRE, CON CARÁCTER DEFINITIVO, Á PRAZA DE “TRABALLADOR/A SOCIAL”, RÉXIME XURÍDICO FUNCIONARIAL, A MEDIA XORNADA, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2018.
- BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO LIBRE, CON CARÁCTER DEFINITIVO, Á PRAZA DE “COIDADOR/A DE VIVENDA COMUNITARIA”, RÉXIME LABORAL, DE OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2018.
- BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO LIBRE, CON CARÁCTER DEFINITIVO, Á PRAZA DE “AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”, RÉXIME XURÍDICO LABORAL, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2018.

Visto que o anuncio de convocatoria do proceso selectivo xunto cas bases xerais e específicas publicouse no B.O.P. de Lugo nº 049 en data 27 de febreiro de 2019, extracto no DOG nº 45 de 5 de marzo de 2019 e con extracto no BOE de data 19 de marzo de 2019 sendo esta data de publicación a que serviu para computar o prazo de presentación de solicitudes (vinte días naturais contados a partir do seguinte á referida data).

Visto que rematado o prazo de presentación de instancias e examinada a documentación presentada polos aspirantes o Decreto de alcaldía nº 2019-0125 aprobou a lista provisoria dos admitidos e excluídos para a praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, con indicación do motivo de exclusión, abrindo un prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación para que o candidato provisoriamente excluído puidera emendar o defecto que motivou a exclusión.

Visto que rematado o prazo outorgado ao efecto, de conformidade co sinalado na base xeral 8.3 das que rexen o procedemento procede ditar a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos.

Visto que na praza de Coidador/a de vivenda comunitaria non hai excluídos de conformidade ca base 8.3 das Bases Xerais que rexen os procedementos procede elevar a lista provisoria a definitiva.

Visto o que antecede e en uso das facultades legalmente atribuídas RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes listas definitivas de candidatos admitidos e excluídos nos procedementos:

- Candidatos admitidos “COIDADOR/A VIVENDA COMUNITARIA”:

NOME E APELIDOS	DNI	CELGA
Susana López Abad	76.***.573-A	SI
María Isabel Goyanes Vila	76.***.465-J	SI
Araceli Sánchez López	33.***.813-M	SI
Rosa María Vázquez Álvarez	33.***.611-W	SI

Lorena Castro Fernández	76.***.121-X	SI
Marisa Trevin Lodos	33.***.901-Q	SI
María Villanueva Freat	33.***.809-D	SI
María Rodríguez Fernández	76.***.889-D	NON

- Candidatos excluídos “COIDADOR/A VIVENDA COMUNITARIA”: Non hai.

- Cadidatos admitidos “AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”:

NOME E APELIDOS	DNI	CELGA
Pablo Armesto Rodríguez	76.***.499-B	SI
Beatriz López Abella	33.***.562-R	SI
Marina Fernández Vázquez	33.***.602-A	SI
Cesar José Castiñeira Muiña	33.***.709-M	SI
Estela Sánchez Rodríguez	33.***.849-C	SI
Teodora López López	33.***.486-Y	SI
Eloy López Fernández	33.***.804-S	SI
Nuria Fernández No	76.***.300-Y	SI
Diego Corral Rodríguez	34.***.310-M	SI
Miguel Rodríguez Cabañas	33.***.523-R	SI
Isabel López Veigas	76.***.805-D	SI
María Esperanza Goyanes López	34.***.308-S	NON
Amanda Álvarez Toiran	33.***.621-H	SI
Susana Carreira Iglesias	33.***.165-T	SI
Pablo María Encabo González	33.***.253-H	SI

- Candidatos excluídos “AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL” : non hai.

Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

SEGUNDO: Consonte ao sinalado na Base 9 das Bases Xerais que rexen os procedementos, se designa ao Tribunal Cualificador, que estará composto polos seguintes membros:

1 COIDADOR/A DE VIVENDA COMUNITARIA

Presidente:

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, Técnico Asesor de Recursos Humanos e Adxunto Xefe Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, Psicólogo da Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Vogais:

Titular: Dona Silvia García López, Xefa da Sección de Benestar e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Julia Vázquez Silvarrey, Xefa da Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Dona Iria Lamazares Fernández, Diplomada en Traballo Social da Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don José Núñez Beloy, Xefe da Sección de Saúde, Seguridade e Prevención do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Dona Ana María Abel Longarela, Xefe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don Xosé Manuel Becerra Pardo, Xefe do Servizo de Deportes e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo.

Secretario:

Titular: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario - Interventor Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

1 AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Presidente:

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, Técnico Asesor de Recursos Humanos e Adxunto Xefe Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, Psicólogo da Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Vogais:

Titular: Dona Julia Vázquez Silvarrey, Xefa da Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don Sergio Castiñeira López, Responsable Coordinador Xestión Tributos Concellos da Sección de Informática Recadación do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Dona Loreto Rodríguez Costas, Xefa da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don Jaime Rodríguez Lama, Xefe da Sección de Procedementos Executivos do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, Técnica de Xestión da Sección de Administración de Recursos Humanos do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Paula Rois Vila, Xefa da Sección de Gastos de Persoal e Subvencións da Intervención da Deputación Provincial de Lugo.

Secretario:

Titular: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario - Interventor Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

TERCEIRO: Convocar aos Tribunais así designados para a súa constitución e citación dos aspirantes para a realización do primeiro exercicio segundo se estipula a continuación:

COIDADOR/A VIVENDAS COMUNITARIAS			
	Data	Hora	Lugar
Constitución	17/09/2019	10:00	Sala Reunións RR.HH Deputación de Lugo
1º Exercicio	27/09/2019	10:00	Concello de Samos

AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL			
	Data	Hora	Lugar
Constitución	16/09/2019	10:00	Sala Reunións RR.HH Deputación de Lugo

1º Exercicio	24/09/2019	10:00	Concello de Samos
--------------	------------	-------	-------------------

CUARTO: A orden de actuación das persoas candidatas, será polo número de control, que será habilitado antes do inicio das probas a fin de garantir o anonimato no desenvolvemento das probas da fase de Oposición, sempre de menor a maior

QUINTO: En cumprimento das Bases Xerais que rexen o procedemento, publicar no Taboleiro de anuncios do concello no BOP e na páxina web do Concello (www.concellosamos.es), coa indicación do seguinte réxime de recursos:

- Contra a resolución contida no resolvo primeiro, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á citada publicacións no BOP.

- Contra a resolución contida nos restantes resolvos, de trámite dentro do proceso selectivo, faise pública en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, non procedendo contra a mesma recurso algún sen prexuízo do establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sobre abstención e recusación. Non obstante, os interesados poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento, conforme ao disposto no art. 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEXTO: Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación de conformidade co establecido no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O manda e asina o Sr. alcalde, ante mín, o secretario, dou fé, en Samos, na data 26 de agosto de 2019.- O alcalde, Julio Gallego Moure.- O secretario, Froilán Pallin Seco.

R. 2639

O SAVIÑAO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DO SAVIÑAO

O Pleno do Concello do Saviñao, en sesión ordinaria celebrada o día 22 de agosto de 2019, acordou a aprobación inicial do Regulamento Orgánico do Concello do Saviñao. O que se fai público durante o prazo de trinta días, contados dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP, ó fin de que polos interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

O Saviñao, 23 de agosto de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2612

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

O Pleno do Concello do Saviñao, en sesión ordinaria celebrada o día 22 de agosto de 2019, acordou a aprobación inicial da Ordenanza reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica no Concello do Saviñao. O que se fai público durante o prazo de trinta días, contados dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP, ó fin de que polos interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

De non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

O Saviñao, 23 de agosto de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2613

SOBER*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL 2018**

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas con data 16 DE AGOSTO DE 2019, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

En Sober, 21 de agosto de 2019.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2616

TRABADA*Anuncio***INFORMACION PÚBLICA**

Aprobado por Decreto da Alcaldía Nº 217 / 2019 do 20 de agosto o padrón da Taxa polo servizo de subministro domiciliario de auga potable no que se inclúe o canon da auga (3º bimestre do ano 2019), se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón se poderá interpor recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Alcaldía do Concello de Trabada.

Contra a resolución expresa ou presenta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento ,cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública,Lei Xeral Tributaria,a a través do Servizo Provincial de Recadación da Excmá.Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa asixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Trabada, 20 de agosto de 2019.- A Alcaldesa, Mayra Garcia Bermúdez.

R. 2617